



BANDO

DONA MAYRA GARCÍA BERMÚDEZ, ALCALDESA DO CONCELLO DE TRABADA,

FAI SABER:

Convócase a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, do Programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables, para o exercicio 2023.

1. O bono dixital contribuirá a financiar a **contratación de novos servizos de conexión a banda larga ou o incremento da velocidade dos xa contratados** desde unha localización fixa e irá destinado a persoas físicas de unidades familiares que fosen identificadas como vulnerables.
2. O bono dixital permitiralle ao solicitante unha **minoración mensual de ata 20 euros na factura emitida pola entidade** colaboradora elixida **durante un período de ata 12 meses, chegando a acadar como máximo os 240 euros**.
3. O recoñecemento do dereito a recibir o bono dixital a unha unidade familiar e a contía do dito bono é independente do número de membros integrantes dela.
4. Non son obxecto desta axuda outros servizos que a entidade colaboradora poida prestar a través do mesmo acceso (voz, televisión, etc.). Sen prexuízo de que os usuarios poidan contratar os ditos servizos de forma adicional.

PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Poderán ser beneficiarias do bono dixital as persoas que xa sexan beneficiarias das prestacións públicas da Risga da Xunta de Galicia ou do ingreso mínimo vital do Goberno de España.
2. Tamén poderá ser beneficiaria calquera outra persoa física maior de idade con ausencia ou déficit grave de recursos económicos ou que se atope en situación ou risco de exclusión social. No caso da exclusión social, verificarase a concorrència adicional dalgún dos [factores de exclusión establecidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro](#), de inclusión social de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Considerarase ausencia ou déficit grave de recursos económicos cando na unidade familiar o nivel de renda

renda	sexa	igual	ou	inferior	a:
	a.	1,25 veces o IPREM se non existe unidade familiar ou non hai menores nesta.			
	b.	1,75 veces o IPREM se hai menores na unidade familiar.			
3. Os beneficiarios deberán estar empadroados e ter residencia en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles nos cales conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Só se poderá conceder un bono dixital por persoa física e por unidade familiar.

As persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes a través do formulario normalizado, [Anexo I](#) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) ou ben de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, **recoméndase a presentación telemática a través dunha persoa autorizada, como pode ser o persoal dos servizos sociais comunitarios do Concello de Trabada**

PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.- Rematará o **15 de novembro de 2023**.

En Trabada, asinado dixitalmente pola Sra. Alcaldesa na data que figura na marxe.

